

|                |   |         |                 |      |                      |
|----------------|---|---------|-----------------|------|----------------------|
| Nivel          | <b>1º BACH</b>  | Materia | <b>ECONOMÍA</b> | Data | <b>24-ABRIL-2020</b> |
| Tipo de tarefa | <b>Cuestionario sobre el video <i>Las armas en los Estados Unidos</i></b> |         |                 |      |                      |

Enlace para atopar o vídeo: <https://www.youtube.com/watch?v=fDg1rTYUWO4>

Despois de ver o vídeo ou durante o seu visionado (44 minutos + 54 segundos) tedes que responder ás seguintes cuestións (sen esquecer que algunhas delas implican unha reflexión persoal ou unha utilización de outros recursos e habilidades académicas):

1. Na referencia que se fai aos mortos nos EEUU durante un ano pola utilización de armas de fogo, como se distribúen as cifras de mortos entre asasinatos, suicidios e mortos accidentalmente? Cal é a comparación que se fai coa Guerra de Irak (a que se desenvolveu no século XXI)? De que conflito se trata e cando comezou? Cantas vidas perderon no mesmo, Irak e os EEUU? En canto se estima o custo anual dese conflito para os EEUU? De onde saíron os cartos para financiar esa guerra? Quen acabou gañando cartos con ese conflito nos EEUU (se cres que houbo alguén)?
2. Cando ocorreu e como foi o atentado de Oklahoma City ao que se alude nalgún momento da narración? A que ideas estaba vinculada a realización dese atentado?
3. Cal é a orixe da bandeira sudista que aparece en distintos momentos? Que representa esa bandeira para os que aparecen nas imaxes?
4. Durante a narración, os que defenden as armas utilizan palabras como as que aparecen a continuación deste parágrafo para xustificar as súas ideas sobre a posesión das mesmas. Busca unha frase ou razoamento no que utilicen cada unha destas palabras:
  - a. Liberdade:
  - b. Respecto:
  - c. Terapia:
  - d. Dereito fundamental:
  - e. Responsabilidade:
5. Cal é a opinión que expresa algún dos que interveñen sobre a guerra de Vietnam? De que conflito se trata e entre que anos se desenvolveu? Cantas vidas perderon no mesmo, Vietnam e os EEUU? A maiores de vidas e cartos, houbo algún recurso natural afectado por esa guerra?
6. Polo que se conta, cres que as armas se reparten máis ou menos por igual entre toda a poboación dos EEUU? Cales son os datos que se dan de distribución entre a poboación? Cantas pistolas hai?
7. Que son, a que se dedican ou que defenden:
  - a. Black Water
  - b. La NRA
  - c. As milicias que aparecen
  - d. Os creacionistas
  - e. A segunda enmienda
8. Onde se desenvolve a narración? De onde proceden algunhas das milicias que aparecen? Por que feitos relacionados coas armas apareceron nos medios de todo o mundo o Instituto de Columbine e a Universidade de Virginia?

9. Pódese deducir, vendo o vídeo, que en reunións do tipo que se nos mostra hai algún tipo de discriminación por motivos de raza, relixión ou etnia?
10. Durante a época na que se realizou o vídeo fálase de que o prezo da munición subiu un 300%. Por que motivo? Fai unha representación gráfica dese feito en base ao que sabes sobre o comportamento da oferta e da demanda ante determinados factores.
11. Canto factura cada ano o sector de fabricación de armas para particulares nos EEUU? E o sector de armas en xeral (incluídas as armas de guerra como avións, tanques, misiles, ...)?
12. En economía fálase de externalidades positivas ou negativas para referirse aos efectos que ten a actividade das empresas no seu entorno (medio ambiente, traballadores, clientes, provedores, sociedade en xeral, ...). Qué externalidades positivas ou negativas ten o que se nos mostra?
13. Investiga cal é a posición respecto ás armas en mans de particulares de cada un dos dous partidos que normalmente ocupan a Presidencia dos EEUU.
14. E para rematar, que opinión te merecen as ideas e actos dos que aparecen durante a narración? Que opinan eles de España ou de Europa no tema das armas? Con que datos e razoamentos desmontarías o que eles defenden?

# Ánimo, saúde e sorte!!